As proxeccións do OF
Ivanfeira

As proxeccións do OF

fronteira

Xacobe Meléndrez Fassbender,
curador de «Fronteira»
para o Outono Fotográfico

Sete interpretacións persoais diversas da tensión que se xera nos límites xeográficos, conceptuais, formais, procesuais...

Nos confíns do racional e o emocional, nas tensións creativas que se xeran nos bordos que confrontan distintas interpretacións, intereses, sentimentos... Nas prosaicas divisorias dos estados, na convivencia cotiá coa teima político-militar de manter unha separación definida.

No anhelo de que os límites tendan a cero, na constatación da intrazabilidade permanente de liñas artificiais na auga, no vento... Nos lindes intimistas, entre o noso interior e o resto, entre a vida e a morte, a relixión, o sexo, a superstición, a maxia, o Alén... Na teima en non esquecer o espazo de tránsito da infancia á madureza, de perda, trazando o espello que traspasamos na busca da nosa identidade perdida. Na visión do continuo traballo de definir un contorno natural no que obstinadamente non nos incluímos...

Fronteira proxectarase o 13 de novembro, ás 20 horas, na Sala Cava do Espai Fotogràfic Can Basté de Barcelona, coa presentación polo seu comisario, Xacobe Meléndrez; o venres, 3 de decembro, ás 20 horas, tamén presentado por Xacobe Meléndrez, en Posición B da Coruña; e do 28 de outubro ao 12 de novembro, na Sala de exposicións da Casa da Xuventude de Ourense, en horario de 19 a 23 horas. Cumprimos así tres obxectivos:

– asentar o intercambio comezado o ano pasado entre o Outono Fotográfico e o Espai Fotogràfic (completado coas exposicións individuais de Xulio Villarino e Paz Vicente en Barcelona; e as de Josu Trueba, na Casa da Xuventude de Chantada, de Eva Parey en Ourense, xunto coa colectiva «4-4-4. 4.º Encontro Internacional de Fotografía Estenopeica»);

– recuperar unha presenza activa do Outono Fotográfico na cidade da Coruña, Posición B e Aquarium Finisterrae;

– e continuar a actividade de proxeccións cara á rúa comezada en 2007, daquela no Campus de Ourense.

As fotografas e fotógrafos convidados nesta ocasión son:

Delmi Álvarez
Carmela Gil Vázquez
Maribel Longueira
Luis López Gabú
Carolina Martínez Rodríguez
Xacobe Meléndrez Fassbender
Helena Segura-Torrella

Delmi Álvarez

«Borders Guards Latvia»

Carmela Gil Vázquez

De trasgos e meigas

Maribel Longueira
«Off»



1 home que esquecer

Luís López «Gabú»
«Vudú, frontera de la muerte»

Carolina Martínez Rodríguez
«City»

Xacobe Meléndrez Fassbender
Sen título

Helena Segura-Torrella Losada

«Birdgage»